

ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Resolución do 16 de xaneiro de 2003 pola que se fai pública a delegación da presidencia da comisión de selección encargada de cualifica-lo proceso para a cobertura con persoal laboral interino de sete prazas de celadores-gardapeiraos do ente público Portos de Galicia.

A base 5.3 da Resolución do 22 de marzo de 2002, pola que se convoca procedemento selectivo para a cobertura con persoal laboral interino de sete prazas de celadores-gardapeiraos deste ente público, establece que o presidente da comisión de selección será o presidente do ente público ou persoa en quen delegue.

Por outra banda, o artigo 6.3º k) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, dispón que lle compete ó presidente conferi-las delegacións de facultades propias que considere convenientes.

Na súa virtude, e de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Delegar en Manuel Viñas Agis a competencia da presidencia da comisión de selección encargada de cualifica-lo proceso para a cobertura con persoal laboral interino de sete prazas de celadores-gardapeiraos deste ente público.

As resolucións administrativas que se adopten, facendo uso da delegación contida nesta resolución, farán constar expresamente esta circunstancia e considéranse dictadas pola autoridade que as conferiu.

En calquera momento o presidente de Portos de Galicia poderá reclama-lo exercicio da competencia que é delegada por esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2003.

Emilio García Gallego
Presidente do ente público Portos de Galicia

Resolución do 16 de xaneiro de 2003 pola que se fai pública a delegación da presidencia da comisión de selección encargada de cualifica-lo proceso para a cobertura con persoal laboral fixo de dúas prazas de enxeñeiros de camiños, canles e portos do ente público Portos de Galicia.

A base 5.3 da Resolución do 12 de setembro de 2002, pola que se convoca procedemento selectivo para a cobertura con persoal laboral fixo de dúas prazas de enxeñeiros de camiños, canles e portos deste ente público, establece que o presidente da

comisión de selección será o presidente do ente público.

O artigo 6.3º k) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, dispón que lle compete ó presidente conferi-las delegacións de facultades propias que considere convenientes.

Na súa virtude, e de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Delegar en Manuel Viñas Agis a competencia da presidencia da comisión de selección encargada de cualifica-lo proceso para a cobertura con persoal laboral fixo de dúas prazas de enxeñeiros de camiños, canles e portos deste ente público.

As resolucións administrativas que se adopten, facendo uso da delegación contida nesta resolución, farán constar expresamente esta circunstancia e considéranse dictadas pola autoridade que as conferiu.

En calquera momento o presidente de Portos de Galicia poderá reclama-lo exercicio da competencia que é delegada por esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2003.

Emilio García Gallego
Presidente do ente público Portos de Galicia

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 30 de xaneiro de 2003, da División de Recursos Humanos, pola que se nomean os tribunais cualificadores do proceso extraordinario de consolidación de emprego de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde.

A base sexta das diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro) e do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño) polas que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servicio Galego de Saúde, dispón que a División de Recursos Humanos nomeará un tribunal central cualificador do dito proceso polo que, en consecuencia, esta división

DISPÓN:

Primeiro.-Nomea-los membros dos tribunais, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servicio Galego de Saúde convocado por diversas ordes da Consellería de Sanidade do 15 de febreiro de 2002 (DOG nº 40, do 25 de febreiro) e do 20 de maio de 2002

(DOG nº 105, do 3 de xuño), e que aparecen relacionados, para cada unha das categorías ofertadas, no anexo desta resolución.

Segundo.-Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2003.

Valeriano Martínez García
Director xeral da División de Recursos Humanos

ANEXO

* Médico de admisión e documentación clínica.

Membros titulares:

Presidente: José Ramón Gómez Fernández.

Secretario: Carmen Sixto Dasilva.

Vocais:

José Antonio Falagán Mota.

Luis Sánchez García.

En representación das organizacións sindicais:
Rafael Rodríguez Brea.

Membros suplentes:

Presidente: Estrella López-Pardo y Pardo.

Secretario: Rafael Mateo Rodríguez.

Vocais:

Pilar Vila Enriquez.

Trinidad Soto Herrero.

En representación das organizacións sindicais:
José Lois Pernas.

* Médico de familia de atención primaria.

Membros titulares:

Presidente: Francisco José López Rois.

Secretario: Javier Bouzada Romero.

Vocais:

José Fermín Troncoso Casares.

Juan Suárez Barros.

Álvaro Rodríguez Pomares.

Andrés Anca Coya

En representación das organizacións sindicais:
Juan Miguel Antelo.

Membros suplentes:

Presidente: José Ramón Gómez Fernández.

Secretario: José Luis Carbajo Romero.

Vocais:

Dámaso López Rodríguez.

Jesús Vereá Seoane.

Arturo Louro González.

Benjamín Abarca Buján.

En representación das organizacións sindicais:
Juan José Cabo Martínez.

* Médico de urgencias hospitalarias.

Membros titulares:

Presidente: Cristóbal Galbán Rodríguez.

Secretario: José Antonio Ortigueira Espinosa.

Vocais:

Ildefonso Cejudo Díaz.

Carmen Novo Prego.

En representación das organizacións sindicais:
Iñaki Garaigorta Eguren.

Membros suplentes:

Presidenta: Estrella López-Pardo y Pardo.

Secretario: Javier García Vega.

Vocais:

Fermín Domínguez Herbella.

José Antonio Porto Rodríguez.

En representación das organizacións sindicais:
César Labrador Castro.

* Técnico de saúde de atención primaria.

Membros titulares:

Presidenta: Estrella López-Pardo y Pardo.

Secretaria: Consuelo Carballeira Roca.

Vocais:

Jorge Suanzes Hernández.

Cándido Sánchez Castiñeiras.

En representación das organizacións sindicais:
Rafael Rodríguez Brea.

Membros suplentes:

Presidente: Martín Mario Díaz López.

Secretario: Eladio Andiñ Campos.

Vocais:

Josefina Monteagudo Romero.

Xurxo Hervada Vidal.

En representación das organizacións sindicais:
José Lois Pernas.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 3 de xaneiro de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñería de sistemas e automática, do departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática, a Amador Rodríguez Diéguez (plaza 64/2001).

Consonte coa proposta formulada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por resolución da Universidade de Vigo do 9 de outubro de 2001 (BOE do 31 de outubro), para a provisión dunha praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñería de sistemas e automática, do departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática, en prol de Amador Rodríguez Diéguez, con documento nacional de identidade número 32783760-C, e cumprindo o interesado os requisitos do punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro,

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Amador Rodríguez Diéguez profesor titular de universidade da área de coñecemento de enxeñería de sistemas e automática, do departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polo interesado, que deberá efectuarse no prazo máximo dun mes,